

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*CONVOCATORIA E BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE
NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA: "O TEU PRIMEIRO EMPREGO" EN EMPRESAS E
CORPORACIÓNS SECTORIAIS*

**BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE
NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO"
NAS EMPRESAS E CORPORACIÓNS SECTORIAIS**

ANTECEDENTES

O 27 de xullo de 2018 o Consello de Ministros aprobou o Plan director por un traballo digno 2018-2019-2020 que inclúe 75 medidas (55 operativas e 20 organizativas) destinadas a combater o fraude, a precariedade laboral, así como erradicar as situacións de abuso. Dunha maneira ou doutra, todas elas están dirixidas a reverter problemas estruturais do mercado de traballo no noso país e garantir condicións laborais dignas para a poboación que se incorpora ao mercado laboral.

Unha destas medidas é o reforzo da colaboración e coordinación institucional para acadar os obxectivos do plan e, neste sentido, as administracións públicas, ademais de colaborar coas medidas de control deben ser proactivas naquelas outras de promoción da inserción laboral. Por este motivo desde a Deputación de Pontevedra apóstase pola adopción de accións no eido do fomento do emprego que se axusten aos obxectivos do Plan director por un traballo digno e que de forma especial contribúan a combater o desemprego xuvenil, a evitar a precarización laboral e a evitar a fuga de talento fóra da nosa provincia e do resto de Galicia como ven acontecendo nos últimos oito anos.

Unha destas accións concrétase nun plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra que se vai a denominar "O teu primeiro emprego". Este plan ten por finalidade facilitarlles ás e aos titulados universitarios e de ciclos superiores de formación profesional o acceso, dentro da provincia, a un primeiro emprego adecuado ao nivel de estudos cursados, para adquirir experiencia profesional e facilitar a súa futura inserción no mercado laboral.

Este plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra estará estruturado en varios programas independentes aprobado polo acordo núm. 36.27674 da Xunta de Goberno do 22 de febreiro de 2019, aínda que algún se poderá tramitar de forma conxunta:

- a) O teu primeiro emprego na Deputación Provincial de Pontevedra



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

- b) O teu primeiro emprego nos concellos
- c) O teu primeiro emprego nas empresas e corporacións sectoriais
- d) O teu primeiro emprego en organizacións sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra

As persoas destinatarias das axudas serán as e os titulados da provincia de Pontevedra que, ao abeiro deste programa, decidan acollerse ás diferentes convocatorias que se realicen desde a Deputación de Pontevedra.

Concretamente, o programa “O teu primeiro emprego” nas empresas e corporacións sectoriais da provincia de Pontevedra desenvolverase en dúas fases:

a) Primeira, de selección das entidades colaboradoras e de determinación das titulacións dos postos de traballo a desempeñar baixo a modalidade de contrato en prácticas

b) Segunda, de selección das persoas beneficiarias das contratacións en prácticas

Nesta primeira fase, a Deputación procede á aprobación das bases reguladoras da selección das entidades colaboradoras e á determinación das titulacións dos postos de traballo que se deben desempeñar baixo a modalidade de contrato en prácticas, publicación destas e resolución do procedemento, así como as condicións de execución que teñen que cumprir as entidades colaboradoras, a Deputación e as persoas contratadas.

BASES

1.—OBXECTO E FINANCIAMENTO

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a selección de empresas e corporacións sectoriais da provincia de Pontevedra como entidades colaboradoras, a orde de prelación que determinará as titulacións dos 250 postos de traballo que se van desempeñar baixo a modalidade de contrato en prácticas, así como o desenvolvemento destas bases, que regularán as relacións entre a Deputación de Pontevedra e as entidades colaboradoras.

As contratacións laborais en prácticas que se deriven realizaranse entre as entidades colaboradoras e as e os titulados universitarios e de formación profesional de ciclos superiores sen experiencia laboral previa, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitar a súa inserción no mercado laboral.

As 250 contratacións en prácticas distribuiranse en dous grupos, conforme o seguinte criterio de repartición:

- 1.º grupo: 150 contratacións en prácticas para persoas tituladas universitarias
- 2.º grupo: 100 contratacións en prácticas para persoas tituladas en ciclos superiores de formación profesional



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

En caso de que non se cubra o número de contratos asignado a un grupo poderanse distribuír as restantes entre as e os solicitantes do outro grupo.

O número de entidades colaboradoras totais poderase incrementar sempre que exista crédito suficiente para poder asumilo, quedando estas nunha lista de agarda en función da puntuación obtida para que en caso de ampliación de crédito non resulte necesario realizar unha nova convocatoria.

A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato en prácticas por un primeiro período de seis meses e doutros seis meses máis, en caso de prórroga do contrato e condicionado á existencia de crédito suficiente no Orzamento provincial correspondente.

A entidade colaboradora correrá co gasto que deba suplementar ata acadar o custo laboral total que corresponda á súa categoría polo convenio colectivo aplicable, incluída a cota empresarial á Seguridade Social e os incentivos, produtividades e/ou outros conceptos salariais derivados da relación contractual coa empresa.

O crédito destinado a este programa ascende a 2.940.000 € e financiaranse do seguinte xeito:

- Anualidade 2019: 1.960.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 19/240.2410.489.00
- Anualidade 2020: 980.000 € que quedarán condicionados á aprobación do correspondente Orzamento xeral desa anualidade

2.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN E PERÍODO SUBVENCIONABLE

1.—A contía máxima da subvención que se lle concederá a cada persoa contratada en prácticas segundo a categoría e titulación requirida será a seguinte:

Titulación	Importe máximo da subvención	Total máximo da subvención
Licenciatura, grao ou diplomatura	1.000 €/mes	12.000 €
Ciclo superior de formación profesional	950 €/mes	11.400 €

2.—As subvencións previstas nesta convocatoria en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, superen os custos totais da contratación.

3.—As entidades colaboradoras deberán comunicarlle á Deputación Provincial a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.

4.—As entidades colaboradoras deberán complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan segundo a categoría profesional asignada polo convenio colectivo aplicable ou, de non existir esta, a categoría equivalente, asumindo o custo total da Seguridade Social e dos demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual da persoa traballadora en prácticas.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

5.—O período subvencionable será como máximo a partir dun mes contado desde o día seguinte á publicación da resolución da concesión.

6.—Prevese a posibilidade de solicitar un anticipo da subvención mediante a presentación dunha garantía, aval bancario ou un seguro de caución, conforme ao establecido no punto 16.4 destas bases.

3.—ENTIDADES COLABORADORAS

Poderán ser entidades colaboradoras das axudas ou subvencións previstas neste programa as pequenas e medianas empresas e as microempresas, en calquera das modalidades xurídicas existentes, atendendo á definición establecida pola Comisión Europea (Recomendación 2003/361/CE de 6 de maio), o empresariado individual e as e os profesionais, as comunidades de bens e as corporacións sectoriais que dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos correspondentes proxectos e que non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Na data de publicación da convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1.—Ter o seu domicilio fiscal en calquera concello da provincia de Pontevedra
- 2.—Estar legalmente constituídas e ter iniciada a súa actividade
- 3.—A actividade da entidade, definida nos seus estatutos, ten que estar relacionada co perfil profesional da persoa contratada
- 4.—Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra desde a data de presentación da súa solicitude de subvención
- 5.—Non estar nin ter estado incursas nun expediente de regulación ou despido improcedente nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Para a consideración de pequenas e medianas empresas e de microempresas atenderase á definición establecida pola Comisión Europea (Recomendación 2003/361/CE de 6 de maio), que considera:

- A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituída polas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cun volume de negocios anual que non excede de 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non excede de 43 millóns de euros
- Na categoría das PEME, defínese á pequena empresa como unha empresa que ocupa menos de 50 persoas e cun volume de negocios anual ou balance xeral anual que non supera os 10 millóns de euros



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

- Na categoría das PEME, defínese a microempresa como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cun volume de negocios anual ou balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros

Estas entidades colaboradoras determinarán na memoria-proxecto de actuación os perfís dos postos de traballo que desempeñarán, segundo a titulación requirida e a actividade que desenvolva no centro de destino, de conformidade coa codificación prevista no catálogo nacional de ocupacións (CNO).

O aproveitamento do rendemento do traballo das persoas tituladas que se contraten, constitúe, para as entidades colaboradoras, a compensación pola colaboración coa Deputación na consecución dos obxectivos deste programa.

4.—*CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS*

Cada entidade colaboradora só poderá solicitar un contrato.

Segundo a regulación contida no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, todas as contratacións en prácticas que deriven desta convocatoria axustaranse ás seguintes regras:

1.—Deberán formalizarse por escrito facendo constar expresamente a titulación da ou do traballador, a duración do contrato e o posto que se vai desempeñar durante as prácticas.

2.—Deberán comunicarlles ao Servizo Público de Emprego nos 10 días seguintes á súa concertación, así como as súas prórrogas.

3.—Cando se formalice o contrato cunha persoa discapacitada farase en exemplar cuadruplicado, no modelo oficial. O contrato acompañarase da solicitude de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, así como o certificado de discapacidade.

4.—A súa duración non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos. Se o contrato en prácticas se concertou por tempo inferior a dous anos poderanse acordar ata dúas prórrogas, cunha duración mínima de seis meses, sen exceder os dous anos en todo caso.

5.—O período de proba non poderá ser superior a dous meses para as persoas traballadoras cun título de grao superior, salvo convenio colectivo.

6.—A retribución da ou do traballador será a fixada en convenio colectivo para as persoas traballadoras en prácticas, sen que, na súa falta, poida ser inferior ao 60 % ou ao 75 % durante o primeiro ou o segundo ano de vixencia do contrato, respectivamente, do salario fixado en convenio para unha persoa traballadora que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo.

7.—En ningún caso o salario será inferior ao salario mínimo interprofesional recollido no R. d. 1462/2018, de 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.

Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

8.—Á terminación do contrato, a entidade colaboradora deberá expedirle á persoa traballadora un certificado no que conste a duración das prácticas, o posto de traballo ocupado e as principais tarefas realizadas.

9.—Ningunha persoa traballadora poderá estar contratada en prácticas por parte da mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación.

5.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

1.—As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

2.—A presentación electrónica será obrigatoria para: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria e as persoas representantes dunha das anteriores.

3.—Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

4.—Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

5.—Opcionalmente, aquelas persoas solicitantes non obrigadas á presentación electrónica poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

6.—O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO. Para estes efectos entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, o prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houbese día equivalente entenderase que o prazo expira o último día do mes.

7.—A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada destas bases reguladoras.

8.—Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información serán causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da LSG.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

6.—COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a.—NIF das persoas ou entidades solicitantes

b.—DNI ou NIE da persoa representante

c.—Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

7.—DOCUMENTACIÓN

1. Xunto co formulario de solicitude (anexo I), deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Acreditación do cargo e representación (anexo II) no caso de actuar por medio de representante. A acreditación do cargo poderá realizarse por calquera medio válido en dereito.

b) Memoria-proxecto na que, ademais da tarefas que se van realizar, se especificará o posto que se vai ocupar, a titulación requirida, que deberá ser acorde á actividade que se vai desenvolver, e a duración do contrato

c) Para as entidades que estean obrigadas a inscribirse no Rexistro Mercantil nota simple informativa deste referente aos datos actualizados sobre a denominación social, domicilio social, obxecto social e órganos de administración da entidade.

d) No caso de persoas traballadoras autónomas, certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.

e) Identificación do persoal técnico da entidade que actuará como persoa titora e que se encargará da formación práctica e da supervisión e apoio técnico á persoa contratada, acreditando a súa cualificación para levar a cabo este labor mediante a presentación de documento xustificativo (copia da titulación, contrato de traballo ou cargo na empresa que deberá estar en relación co obxecto do contrato).

f) As retribucións salariais brutas das e dos traballadores que se van contratar a través deste plan, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación, acompañando as táboas



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

salariais vixentes no momento da solicitude. En caso de non existir convenio, terase como referencia a táboa salarial do mesmo ou equivalente posto e, en caso de non existir este, o que resulte polo convenio colectivo de oficinas e despachos. Neste caso faranse constar tales circunstancias nunha declaración xurada.

2. Forma parte da solicitude a declaración responsable na que se farán constar os seguintes extremos:

a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora, e especificamente de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación de Pontevedra.

b) O conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes.

c) A veracidade da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante onde se deba efectuar o pagamento da subvención.

d) Que non despediu de forma improcedente ningunha persoa traballadora da entidade correspondente, que estivera ocupando un posto similar ao que se solicita, nos tres meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

e) Que cumpre os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia do contrato, debendo informar de calquera variación das circunstancias a Deputación de Pontevedra.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados a isto. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizou a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica poderán, opcionalmente, presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. En caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

5. Non será necesario achegar os documentos que xa se presentaron anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

6. Se tras o exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, requiriráselle á entidade solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), terase por desistida da súa petición, previa a correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

8.—TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

1. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “Instancia xenérica”, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, os suxeitos non obrigados a presentalas electronicamente tamén poderán tramitalas de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, se terá por desistido da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

9.—NOTIFICACIÓNS

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos, e en todo caso cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). As persoas interesadas obrigadas a recibilas só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por este medio, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

3. As notificacións electrónicas practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

5. O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10.—PUBLICACIONES DE ACTOS

1. Publicaranse no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, a relación das entidades solicitantes seleccionadas e o importe das axudas aos contratos asignados.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

11.—DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Ademais, os datos persoais obtidos poderán ser obxecto de inclusión nunha base de datos coa finalidade de recibir información do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra relativa á proposición de perfís profesionais que puidesen ser de interese polo ámbito de actuación das entidades solicitantes.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e no consentimento explícito.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5R1VF6VLLYGAWH2



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

12.—PROCEDIMENTO E RESOLUCIÓN

O procedemento de selección destas entidades colaboradoras tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto nos artigos 12 a 15 da LXS e no establecido nestas bases.

O órgano instructor deste procedemento de selección será a ou o xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local que examinará as solicitudes xunto coa documentación adxunta e requiriralle ás persoas interesadas que, nun prazo de 10 días, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos.

Unha vez transcorrido este prazo o instructor realizará un informe-proposta coas valoracións das solicitudes segundo os criterios establecidos neste mesmo apartado. En caso de producirse empate nas puntuacións, atenderase á data e á orde de presentación da solicitude para realizar o desempate.

Os criterios específicos que se terán en conta na fase de avaliación serán os seguintes:

A valoración de cada memoria técnica presentada que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, realizarase sobre un total de 75 puntos que se outorgarán atendendo: á poboación do concello onde se atopa o centro de traballo, á existencia dunha titora ou titor, ao cadro de persoal e ás súas características, ás medidas de responsabilidade social da empresa, así como á participación da persoa contratada en programas de formación.

Programa de axudas para a contratación de traballadoras ou traballadores cun contrato en prácticas en entidades colaboradoras			
Calidade da memoria técnica e adecuación aos obxectivos de avaliación			
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ASPECTOS AVALIABLES	PUNTUACIÓN MÁXIMA (75 puntos)
1	Poboación do concello onde se localiza o centro de traballo (Máximo 20 puntos) Xustificación documental: Datos de poboación segundo o IGE do 1/1/2018	Menor ou igual a 10.000 habitantes	20
		De 10.001 a 20.000 habitantes	15
		De 20.001 a 50.000 habitantes	10
		Mais de 50.000 habitantes	8
2	Existencia da figura de titora ou titor na empresa (Máximo 10 puntos) Xustificación documental: Título ou vida laboral xunto co certificado das funcións realizadas	Con titulación que se adecúe ao perfil da persoa que se vai contratar	10
		Sen titulación, pero con experiencia profesional que se adecúe ao perfil profesional da persoa que se vai contratar	5

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5R1VF6LLYGAWH2



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

3	Cadro de persoal (Máximo 20 puntos) Xustificación documental: Relación do cadro de persoal asinado por unha persoa con capacidade legal na empresa	De 0-2 empregadas/os	20	
		De 3-5 empregadas/os	15	
		De 6-10 empregadas/os	10	
		Máis de 10 empregadas/os	5	
4	Características do cadro de persoal (Máximo 15 puntos) Xustificación documental: Relación do cadro de persoal asinado por unha persoa con capacidade legal na empresa	Traballadoras/es cun grao de discapacidade igual o superior ao 33 %	3	
		Núm. de traballadoras/es con contrato indefinido e a xornada completa superior ao 50 % do total do cadro de persoal	3	
		Núm. de mulleres contratadas superior ao 50 % do total do cadro de persoal	3	
		Traballadoras/es menores de 30 anos	3	
		Traballadoras/es maiores de 45 anos	3	
5	Medidas de responsabilidade social da empresa (Máximo 5 puntos) Xustificación documental: Relación numerada/cadro de todas as accións ou medidas contempladas en cada un destes apartados	Medidas implantadas para a conciliación da vida laboral e familiar	2	
		Promoción do desenvolvemento individual e profesional das e dos traballadores, mediante plans de formación, promoción, cualificación e perfeccionamento profesional	1	
		Realización de actividades internas para a preservación do medio	1	
		Apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico ou social	1	
6	Participación do/da traballador/a contratado/a en programas de formación (Máximo 5 puntos) Xustificación documental: Relación xurada das accións formativas que se lle ofrecerá á persoa contratada	Participación en plans de formación da empresa relacionados co posto de traballo e dentro do horario laboral	3	
		Participación en plans de formación da empresa relacionados co posto de traballo e fóra do horario laboral	2	

Este informe-proposta, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes estimadas por orde decrecente de puntuación e as solicitudes desestimadas e motivando as razóns das desestimacións, enviarase á Intervención da Deputación de Pontevedra para proceder á fiscalización do expediente.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

Posteriormente á emisión do informe de fiscalización o expediente trasladarase a unha comisión de avaliación que será nomeada por resolución da Presidencia e estará integrada pola deputada delegada de emprego ou unha persoa en quen delegue e dúas funcionarias ou funcionarios de nivel técnico, un do Servizo de Promoción de Emprego e outro do Servizo de RR. HH. e Formación. A comisión poderá estar asistida por persoal experto na materia.

Á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, o órgano instrutor realizará unha proposta de resolución na que incluíra a relación das entidades colaboradoras seleccionadas, que elevará ao órgano competente para a súa aprobación definitiva.

A resolución pola que se seleccionen as entidades colaboradoras determinará, como mínimo, a titulación solicitada, duración, contía da subvención para cada contrato e demais requisitos esixibles para a súa percepción e seguimento e será obxecto de publicación segundo o establecido no apartado 9 destas bases.

Atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación, segundo o artigo 19.2 da LSG, non se aplicarán os criterios de valoración no caso de que o número de solicitudes presentadas sexa menor ao número de prazas ofertadas.

Independentemente da puntuación obtida polas entidades colaboradoras segundo o baremo contido nestas bases, poderá darse o caso de que existan empresas ou corporacións sectoriais seleccionadas que non ostenten o dereito á asignación de traballadoras ou traballadores en prácticas por diversas causas como a insuficiencia de candidatas ou candidatos para unha titulación específica, entre outras. Neste sentido, a orde de prelación en base á puntuación obtida non implica necesariamente o dereito da entidade colaboradora á asignación dunha persoa traballadora en prácticas.

O prazo de resolución e notificación será de tres meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da LSG.

As resolucións dos expedientes instruídos ao amparo do disposto nesta convocatoria esgotan a vía administrativa.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a selección das entidades colaboradoras e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das axudas que se lle concedan ás e aos titulados para a súa contratación, sen prexuízo de posteriores responsabilidades.

13.—SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICARIAS DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS

A Deputación Provincial será a encargada de levar a cabo o proceso de selección das persoas que se contraten mediante a presentación das ofertas de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Pontevedra, que realizará a sondaxe dos postos que se queren cubrir en toda a provincia, tendo en conta as titulacións requiridas polas entidades colaboradoras.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

A selección efectuarase entre as e os demandantes de emprego desempregados ou co tarxeta de mellora de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego da provincia de Pontevedra e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas, recollidos nas bases 3 e 4 da convocatoria. O ámbito de busca de emprego non poderá superar o nivel provincial.

14.—CONTRATAÇÕES EN PRÁCTICAS

1.—As persoas seleccionadas de conformidade cos procedementos establecidos na base anterior serán beneficiarias dunha contratación en prácticas a tempo completo pola entidade colaboradora, de acordo coa normativa vixente e tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2019, nos termos expresados na resolución de concesión.

2.—A concesión e gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación Provincial de Pontevedra.

3.—As entidades colaboradoras deberán facilitarlles ás persoas contratadas os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

Serán as persoas responsables da entidade colaboradora as que lles impartirán todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices ás e aos traballadores, e será a entidade a responsable da calidade técnica das tarefas que desenvolva.

4.—En caso de que unha vez iniciado o contrato a persoa seleccionada renuncie a este a entidade colaboradora poderá solicitar que se cubra o posto coa persoa candidata que figure como suplente no correspondente proceso selectivo. De non existir suplentes efectuarase a selección seguindo o procedemento previsto na base 12. En tal situación e considerando que o contrato debe ter unha duración mínima de seis meses a entidade colaboradora asumirá o custo laboral total que exceda do importe da subvención que corresponda por esta contratación en prácticas.

15.—PUBLICIDADE

Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realice o traballo deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no que constará o cofinanciamento por parte da Deputación Provincial de Pontevedra. Así mesmo, na documentación administrativa e no contrato de traballo deberase facer mención ao financiamento da Deputación Provincial.

16.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

16.1 Documentación precisa para a realización do pagamento dos primeiros 6 meses:

Transcorridos os seis meses da contratación, a entidade colaboradora disporá dun mes para xustificar os gastos realizados durante eses meses, e terá que achegar a seguinte documentación:



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

- 1.—Contrato de traballo en prácticas
- 2.—Resolución de alta na Seguridade Social
- 3.—Modelo IDC (informe de datos de cotización)

4.—Conta xustificativa dos gastos realizados e memoria-resumo das actividades desenvolvidas pola ou polo traballador durante o período xustificado. Este documento deberá concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal da traballadoras e traballadores contratados en prácticas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado pola entidade colaboradora e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial

5.—Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electronicamente da persoa traballadora correspondentes o período xustificado

6.—Recibo de liquidación de cotización (RLC) e relación nominal de traballadoras e traballadores (RNT) escaneados e asinados dixitalmente, correspondente ao período xustificado relativos ás e aos traballadores en prácticas contratados a través deste plan

7.—Informe de vida laboral da persoa titulada beneficiaria da subvención correspondentes ás 6 mensualidades.

- 8.—Documentación gráfica da publicidade realizada

Recibida e revisada esta documentación, a Deputación de Pontevedra realizaralle un control de verificación á ou ao beneficiario do cumprimento dos compromisos declarados e, de non existir razóns en contra, a Deputación procedera ao abono do pagamento en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.

16.2 Documentación precisa para a realización do pagamento dos derradeiros 6 meses:

Unha vez que finalice o período subvencionable dos contratos en prácticas, en caso de que existise prórroga de seis meses, deberán presentar no Servizo de Promoción de Emprego, no prazo dun mes, a seguinte documentación:

1.—Conta xustificativa dos gastos realizados e memoria-resumo das actividades desenvolvidas pola ou polo traballador durante o período xustificado. Este documento deberá concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das traballadoras e traballadores contratados en prácticas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado pola entidade colaboradora e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.

- 2.—Modelo IDC (informe de datos de cotización)

3.—Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electronicamente da persoa traballadora en prácticas correspondentes o período xustificado



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

4.—Recibo de liquidación de cotización (RLC) e relación nominal de traballadores (RNT) escaneados e asinados dixitalmente, correspondente o período xustificativo relativos á ou ao traballador en prácticas contratado a través deste plan

5.—Modelo 190 (resumo anual das retencións practicadas no IRPF a traballadoras e traballadores vía nómina, ao empresariado ou ás ou aos profesionais autónomos mediante factura) escaneado e asinado electronicamente correspondente ao período da totalidade do contrato relativo á ou ao traballador en prácticas contratado a través deste plan

6.—Informe de vida laboral da persoa titulada contratada e beneficiaria da subvención correspondente ás 6 mensualidades

7.—Documentación gráfica da publicidade realizada

16.3 Presentación da documentación xustificativa

A documentación xustificativa presentarse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria e as persoas representantes dunha das anteriores.

Opcionalmente, para aquelas persoas solicitantes non obrigadas á presentación electrónica, poderán presentar a documentación de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o modelo “instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

16.4 Anticipo mediante garantía, aval bancario ou seguro de caución

Existirá a posibilidade de realizar pagamentos anticipados da subvención con carácter previo á xustificación, debendo, neste caso, constituírse unha garantía, aval bancario ou seguro de caución para asegurar o cumprimento dos compromisos asumidos pola entidade colaboradora.

A garantía terá vixencia ata que a Deputación autorice a súa cancelación e deberá cubrir como mínimo o 110 % das cantidades anticipadas.

Unha vez que transcorran os primeiros 6 meses da contratación a empresa ou corporación sectorial presentará a xustificación conforme os apartados 16.1º e 16.3º destas bases, e unha vez comprobada pola Deputación a xustificación realizada, a entidade colaboradora poderá solicitar o anticipo do 50 % restante da contía da subvención, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Cando, presentada a xustificación final, proceda o reintegro de cantidades anticipadas e/ou a imposición dalgunha sanción á entidade colaboradora, a garantía servirá para facerlles fronte ás cantidades que se lle exixan á empresa, cantidade que constitúe un ingreso de dereito público e que se poderá exixir por vía de prema.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

17.—OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

1.—As entidades colaboradoras, ademais das establecidas na LSG, deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Aceptación da selección como entidade colaboradora no prazo de dez (10) días, de conformidade co disposto no artigo 21.5 da LSG. Transcorrido o citado prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

b) Asignar un posto de traballo á persoa contratada relacionado coa súa titulación.

c) Abonarlle á persoa contratada o salario que legal ou convencionalmente lle corresponda e sexa acorde coa súa categoría profesional e titulación.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Intervención da Deputación Provincial de Pontevedra.

e) Comunicarlle de xeito inmediato ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local:

- As subvencións ou axudas solicitadas e/ou obtidas, para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional
- Aquelas modificacións substantivas que lle afecten á realización da actividade

f) Poñer a disposición da persoa contratada todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipos informáticos precisos, así como acceso a internet e ao correo electrónico.

2.—Polo que respecta á protección de datos de carácter persoal:

a) As entidades colaboradoras obríganse a dar cumprimento ao contido do artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como cantos outros artigos sexan de aplicación ao tratamento de datos das persoas beneficiarias que leven a cabo como responsables do ficheiro.

b) As entidades colaboradoras deberán tratar os datos coa finalidade exclusiva da xestión da subvención. En ningún caso os datos poderán ser obxecto dun tratamento distinto ao previsto na convocatoria. Calquera tratamento dos datos que non se axuste ao disposto nestas bases será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria, que responderá fronte a terceiras persoas das infraccións en que incorrese, e fronte á Deputación Provincial polos danos e perdas que lle puidese causar.

18.—PERDA DO DEREITO AO COBRO E REINTEGRO

Procederá a perda do dereito ao cobro das subvencións outorgadas nos casos e nos termos previstos nos artigos 36 e seguintes da LXS, procedendo ao reintegro no caso en que os incumprimentos se detecten unha vez se pague a subvención.



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

19.—RECURSOS

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

20.—LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable estará constituída polo establecido no artigo 4 (Réxime xurídico das subvencións da Deputación) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e demais lexislación concordante de aplicación.

Pontevedra, 13 de marzo de 2019.—A Deputada, M^a Montserrat Magallanes Álvarez.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

